

CONCURSO ESCRITURA CREATIVA

DESCRIPCIÓN

Este ano, dende o Facom Fest 2025, animámosvos a sacar o voso lado de escritoras e escritores para participar no noso concurso de escritura creativa! Neste, o Club de Lectura Facom colaborará co festival como xurado do mesmo.

A actividade consistirá na creación de relatos de prosa curtos arredor dunha temática: o CONFLITO. Esa cuestión que mobiliza todo relato. Estamos na busca de historias curtas onde o choque, o contraste e o enfrontamento se convirtan no eixo da narración.

BASES

1. O concurso terá a temática de CONFLITO, que pode ser tan pequeno como un malentendido que actúe como motor da historia, un conflito co mundo, con outros individuos, con un mesmo... As posibilidades son infinitas!
2. Poderá participar todo alumnado matriculado en calquera universidade ou centro de formación galegos, independentemente dos estudos que estea a realizar.
3. As inscricións dos relatos realizaranse a través deste formulario do mércores 6 ao martes 21 de novembro.
 - a) O relato deberase entregar a través dun link á nube en contas de Google Drive ou OneDrive.
 4. A participación será individual.
 5. Cada persoa poderá presentar un único relato.
 6. As pezas inscritas deben cumprir estas características:
 - a) Extensión de entre dúas e catro páxinas con tipografía Arial ou Times New Roman, letra tamaño 12 e interlineado 1,5.
 - b) Formato de exportación: .pdf ou .docx
 - c) Pezas escritas en galego ou en castelán.
 7. A persoa gañadora será anunciada na gala final do festival e recibirá o premio na gala de peche do Facom Fest.

DESENVOLVEMENTO

A elección do relato gañador será consensuada polo Club de Lectura Facom, que exercerá como xurado. Para a decisión valoraranse a orixinalidade da proposta, a estrutura narrativa e coherencia, o estilo literario, o uso de recursos narrativos, a calidade literaria e a adecuación á temática e ao formato. A decisión do xurado será inapelable.

